



CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO CURSO 2020-2021

A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade xurídica titular da Escola Universitaria de Traballo Social, co obxecto de cumpri-la vontade fundacional, e con cargo ao seu orzamento, acordou a concesión de Axudas para colaborar aos gastos do ensino e propiciar así a igualdade de oportunidades, coas seguintes condicións:

- ❖ As axudas consisten nunha **reducción parcial das cotas de matrícula** que os alumnos deben satisfacer á E.U.T.S., sen que repercutan en ningún caso nas contías por prezos públicos que o alumno deba aboar á universidade.
- ❖ Poderán solicita-la axuda os alumnos matriculados en **1º, 2º, 3º, 4º de Grao e Curso Ponte**.
- ❖ Os **impresos de solicitud** deberán descargarse na páxina web www.euts.es. Unha vez cuberta a solicitude, o interesado deberá entregala en Secretaría ou enviala ao enderezo electrónico da mesma: secretaria@euts.es, acompañada de toda a documentación requirida antes da data de peche da convocatoria.
- ❖ Os solicitantes deberán cumplir os seguintes **requisitos**:

Requisitos académicos:

- Non ser licenciado, enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou diplomado (salvo para alumnos/as de Curso Ponte).
- Ter máis de cinco puntos de nota media no expediente académico e non ter pendente máis do 30% dos créditos nos que estivera matriculado no curso anterior, no seu caso.
- As axudas non se aplicarán para cursos ou materias que o estudiante repita ou si se matricula nun número de materias ou créditos inferior ó 60% do que corresponde ao promedio dun curso ordinario ou convalida unha porcentaxe igual ou superior ao 40% dos créditos do curso.
- No caso dos alumnos de novo ingreso (1º), terase en conta a nota de acceso á universidade.



CIENCIAS
SOCIALES

Requisitos económicos:

- Non superar unha renda familiar neta de 26.000,00€ para familias de tres membros (polo 4º e 5º máis, engadirase a esta cantidade 3.600,00€ e polo sexto e sucesivos 2.600,00€), en ambos casos por cada membro.
 - Nos casos de autónomos, profesionais e industriais, non superar un movemento empresarial de 125.000,00€.
- ❖ A solicitude deberá estar acompañada dos **seguientes documentos**, que de non ser presentados coa mesma, causará a súa desestimación:
- Fotocopia da folla de matrícula na Universidade.
 - Fotocopia do seu expediente académico actualizado, onde conste a nota media (alumnado que continua estudos). No caso do alumnado de novo ingreso deberá presentar copia do documento onde conste a nota que lle dou acceso á universidade.
 - Fotocopia completa da ou das declaracíons do Imposto sobre a Renda da unidade familiar na que figure incluído o solicitante, correspondente ó último exercicio, salvo que dita unidade pola contía dos seus ingresos estivese exenta de efectuala, situación que deberá xustificar oportunamente.
 - En caso de separación ou divorcio é necesario acreditar o importe actualizado da pensión percibida do ano en curso ou, no seu defecto, documentar que non se percibiu.
- ❖ Poderanse recadar do solicitante outros documentos ou informacíons que se consideren precisos.
- ❖ A concesión das axudas notificarase por escrito aos beneficiarios, expoñéndose as listas no taboleiro da Escola.

DATA LÍMITE PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: 30 de novembro de 2020

NOTA: As axudas concédense únicamente para un ano académico e teñen que ser novamente solicitadas se se desea a súa renovación. Esta axuda será incompatible coa percepción da contía máxima da Bolsa do Ministerio.